

Álvaro García, un cinturón azul-marrón de judo que aspira a ser técnico informático.

“O que máis me gusta do instituto é o recreo”

MOI PERSOAL

Álvaro García Varela

Data de nac: 11-11-89

Vive : Rubiáns

Colexios nos que

estudiou: Arealonga e Cotarelo.

Cursa : 2º ESO

Un libro: Todos os que escribiu Tolkien.

Unha película: El señor de los anillos I e II.

Grupo musical: Red Hot Chile Peppers.

Un compañeiro: Oscar Avilés e Antón Berride.

Unha compañeira: Ana Alonso e Andrea Cores.

Programa de TV: Os Simpsons.

Comida: Lasaña.

Praia ou montaña: Montaña.



¿Onde adestras?

Adestro no “Ximnasio Squash” que se encontra nas Pistas no Piñeiriño pero competimos co “Club Lobeira”.

¿Cal foi o último campionato no que participaches?

Foron os Campionatos Galegos que tiveron lugar en Vigo. Quedei

clasificado na terceira posición. Pero creo que podería ter quedado moito mellor, incluso de primeiro pero tiven un pequeno erro e perdín un combate.

¿Quen é o teu judoka preferido?

Jorge Crespo.

¿Gústache ou practicas algún outro deporte?

Si, gústame moito o baloncesto e o practico sempre que podo. Na liga de 3 x 3 que se celebra no instituto xogo con “The Masters”

¿Tes algún alcume?

Si, e ten que ver co baloncesto; chámanme Sabonis

¿Que queres ser de maior?

Gustaríame ser “técnico informático”.

¿Que afeccións tes a parte do basket e do judo?

Gústame xogar o ordenador, ler, escribir pequenos relatos e no verán ir a nadar á casa dun amigo que ten unha piscina.

¿Cales son as túas asignaturas preferidas e que é o que máis che gusta deste instituto?

As asignaturas que máis me gustan son: sociais, ximnasia, actividades de estudio e música. O que máis me gusta deste instituto é o recreo.

¿Tes noiva?

Desgraciadamente non.

¿Cómo empezaches a practicar este deporte?

Escomencei de pequeno e foi porque un amigo meu ía a judo e eu díxenlle á miña nai que tamén quería ir. Algún tempo despois deixei de ir pero, novamente, cando tiña nove anos voltei a practicalo e dende entón sigo.

¿Cantos anos levas practicando este deporte? ¿Que cinturón eres?

Levo algo máis de catro anos practicando o judo. Na actualidade son cinturón azul – marrón.